

ANUNCIO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TROÁNS – SECTOR II (CUNTIS - PONTEVEDRA)

PRAZO PARA SOLICITAR OBRAS DE ENTRADAS A PREDIOS

Comunícase a todas as persoas interesadas que se está redactando o proxecto de obras de mellora das entradas ás novas fincas.

O proxecto incluírá as obras de desmonte ou terraplenado necesarias **para construír os accesos ás fincas (ramplas) e o estendido dos cordóns de terra acumulados pola apertura dos camiños.**

As persoas propietarias que así o consideren, e non o teñan xa solicitado, poderán solicitar que se executen este tipo de obras nas súas novas fincas **dende o 6.05.2024 ata o 5.08.2024, ambos incluídos, indicando claramente o número de cada finca e describindo as obras solicitadas en cada unha delas e a súa necesidade,** puidendo achegar fotos, croquis, etc.

As solicitudes deberán presentarse por escrito no Rexistro da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios previstos na normativa vixente, dirixidas ao Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural. No caso de presentar a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia utilizarase o modelo xenérico PR004A.

As solicitudes presentadas serán estudadas e valoradas e non terán carácter vinculante.

Pontevedra, data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
María José Pérez Gil

